

Normativa

Selección lexislativa de aplicación no ámbito educativo da Comunidade Autónoma de Galicia

Compilación realizada por
Venancio Graña Martínez

1. Alumnado

1.1. Bolsas e axudas ao estudo

- Real decreto 675/2008, do 28 de abril, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte para o curso 2008/2009 (BOE, 29/04/08).

2. Centros privados

2.1. Titulacións mínimas

- Orde ECI/759/2008, do 19 de febreiro, pola que se complementa a do 24 de xullo do 1995, na que se regulan as titulacións mínimas que deben posuír os profesores dos centros privados de educación secundaria obrigatoria e bacharelato (BOE, 20/03/08).

3. Educación secundaria obrigatoria

3.1. Premios extraordinarios

- Orde do 17 de abril do 2008, pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria correspondentes ao curso 2007/2008 (DOG, 24/04/08).

4. Bacharelato

4.1. Probas de acceso á universidade

- Orde do 18 de febreiro do 2008, pola que se regulan as probas de acceso á universidade para os alumnos e as alumnas que cursaron as ensinanzas de bacharelato establecidas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (DOG, 07/03/08).

4.2. Conversión das

calificacións cualitativas

- Resolución do 11 de abril do 2008, da Secretaría Xeral de Educación, pola que se establecen as normas para a conversión das cualificacións cualitativas en cualificacións numéricas do expediente académico do alumnado de bacharelato e cursos de acceso á universidade de plans anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de maio, de ordenación xeral do sistema educativo (BOE, 24/04/08).

4.3. Premios extraordinarios

- Orde do 25 de abril do 2008, pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2007/2008 (DOG, 07/05/08).

5. Formación profesional

5.1. Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais



- Real decreto 327/2008, do 29 de febreiro, polo que se complementa o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, mediante o establecemento de tres cualificacións profesionais da familia profesional Imaxe Persoal (BOE, 12/03/08).
- Real decreto 328/2008, do 29 de febreiro, polo que se complementa o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, mediante o establecemento de oito cualificacións profesionais da familia profesional Electricidade e Electrónica (BOE, 13/03/08).
- Real decreto 329/2008, do 29 de febreiro, polo que se complementa o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, mediante o establecemento de oito cualificacións profesionais da familia profesional Têxtil, Confección e Pel (BOE, 14/03/08).
- Corrección de erros do Real decreto 182/2008, do 8 de febreiro, polo que se complementa o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, mediante o establecemento de doce cualificacións profesionais da familia profesional Instalación e Mantemento (BOE, 04/04/08).
- Corrección de erros do Real decreto 1699/2007, do 14 de decembro, polo que se complementa o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, mediante o establecemento de oito cualificacións profesionais da familia profesional Fabricación Mecánica (BOE, 07/04/08).
- Corrección de erros do Real decreto 107/2008, do 1 de febreiro, polo que se complementa o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, mediante o establecemento de sete cualificacións profesionais da familia profesional Administración e Xestión (BOE, 23/04/08).

5.2. Premios nacionais

- Orde ECI/1261/2008, do 11 de abril, pola que se convocan os Premios

Nacionais de Formación Profesional de grao superior correspondentes ao curso 2006/2007 (BOE, 03/05/08).

5.3. Títulos, ensinanzas comúns e currículos

- Real decreto 219/2008, do 15 de febreiro, polo que se establece o título de Técnico Superior en Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións Térmicas e de Fluídos e se fixan as súas ensinanzas mínimas (BOE, 03/03/08).
- Real decreto 220/2008, do 15 de febreiro, polo que se establece o título de Técnico Superior en Mantemento de Instalacións Térmicas e de Fluídos e se fixan as súas ensinanzas mínimas (BOE, 03/03/08).

6. Ensinanzas de réxime especial

6.1. Artes plásticas e de deseño

- Orde do 6 de marzo do 2008, pola que se regula o acceso e a admisión ás ensinanzas superiores de deseño (DOG, 18/03/08).

6.2. Ensinanzas deportivas

- Resolución do 3 de marzo do 2008, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, pola que se establecen as condicións de incorporación ás formacións previstas na Orde ECD/3310/2002, do 16 de decembro, acreditando determinadas formacións de mergullo, de carácter simplemente federativo (BOE, 19/03/08).
- Resolución do 5 de marzo do 2008, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, pola que se outorga o recoñecemento previsto na disposición transitoria cuarta do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, a determinados diplomas e certificados de adestradores de fútbol sala expedidos por distintas federacións autonómicas de fútbol

sala (BOE, 19/03/08).

- Orde do 17 de abril do 2008, pola que se establecen os requisitos mínimos dos espazos e instalacións con que deben contar os centros para impartir ensinanzas de réxime especial de técnicos deportivos nas especialidades de atletismo, balonmán e baloncesto na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 12/05/08).

7. Educación Especial

7.1. Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade

- Instrumento de ratificación da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, feito en Nova York o 13 de decembro do 2006 (BOE, 21/04/08).

8. Educación no exterior

8.1. Diplomas de español como lingua estranxeira

- Real decreto 264/2008, do 22 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, no que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira (BOE, 12/03/08).

8.2. Recoñecemento de estudos

- Orde ECI/1044/2008, do 4 de abril, pola que se modifica a Orde do 20 de xullo do 2001, na que se recoñecen os estudos cursados no Colexio español Miguel de Cervantes de Sao Paulo (Brasil) (BOE, 16/04/08).

9. Disposicións de carácter xeral

9.1. Ratificación ao Convenio para a protección dos dereitos humanos

- Instrumento de ratificación do Protocolo número 12 ao Convenio

para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais (Número 177 do Consello de Europa), feito en Roma o 4 de novembro do 2000 (BOE, 14/03/08).

9.2. Convenio de colaboración

- Resolución do 4 de xaneiro do 2008, da Dirección Xeral de Cooperación Territorial e Alta Inspección, pola que se publica o convenio de colaboración, entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Comunidade Autónoma de Galicia, para o Plan de apoio á implantación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE, 11/03/08).

9.3. Nova numeración das ordes ministeriais

- Resolución do 14 de abril do 2008, da Subsecretaría, pola que se modifica o anexo do Acordo do Consello de Ministros do 21 de decembro do 2001, no que se dispón a numeración das ordes ministeriais que se publican no Boletín Oficial do Estado (BOE, 15/04/08).

10. Plans de mellora e programas educativos

10.1. Plans de mellora da calidade da educación

- Orde do 9 de abril do 2008, pola que se convoca a selección e renovación de plans de autoavaliación e mellora da calidade da educación en centros educativos para o curso 2008/2009 (DOG, 16/04/08).
- Orde do 25 de abril do 2008, pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non-universitarios de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2008/2009 (DOG, 07/05/08).
- Orde do 5 de maio do 2008, pola que se convocan axudas para a

realización de proxectos de innovación para uso educativo das tecnoloxías da información e a comunicación para o curso 2008/2009 e se aproban as súas bases de concesión (DOG, 15/05/08).

10.2. Programa de gratuidade de libros de texto

- Orde do 28 de abril do 2008, pola que se convoca e regula o programa de gratuidade de libros de texto e materiais curriculares en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos para o curso escolar 2008/2009 (DOG, 15/05/08).

11. Postos de traballo

11.1. Acceso á función pública docente

- Orde do 9 de abril do 2008, pola que se convoca o procedemento selectivo de ingreso no corpo de mestres e o procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 16/04/08).
- Orde do 9 de abril do 2008, pola que se convocan os procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, e profesores técnicos de formación profesional e o procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos anteditos corpos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 16/04/08).
- Orde do 9 de abril do 2008, pola que se convocan os procedementos selectivos de acceso aos corpos de profesores de ensino secundario para funcionarios e funcionarias dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 na Comunidade Autónoma de Galicia

(DOG, 17/04/08).

12. Profesorado

12.1. Permisos e licenzas

- Orde do 7 de abril do 2008, pola que se regula o réxime de permisos e licenzas do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG, 23/04/08).

13. Universidade

13.1. Acceso para o curso 2008/2009

- Orde do 19 de febreiro do 2008, pola que se regula o proceso de incorporación para o curso 2008/2009 dos estudantes ao nivel universitario do ensino nos centros das tres universidades galegas (DOG, 06/03/08).
- Resolución do 14 de marzo do 2008, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se ditan instrucións para o acceso á universidade española, no próximo curso 2008/2009, dos alumnos procedentes de sistemas educativos aos que se aplica o artigo 38.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE, 21/03/08).

13.2. Profesorado colaborador

- Orde do 22 de abril do 2008, pola que se regula o protocolo do informe e avaliación previa para a prórroga e adquisición do carácter indefinido do profesorado colaborador nas universidades públicas de Galicia contratados con anterioridade á Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (DOG, 05/05/08).



Resumo de permisos e licenzas (Orde do 7 de abril do 2008, DOG do 23)

Venancio Graña Martínez
Director CEIP Víctor López Seoane, A Coruña

1. Permisos varios de carácter personal

Identificación, motivo e referente legal	Duración e órgano de concesión
<p>Ausencias imprevistas Por imprevistos, indisposicións ou enfermidades leves. (Artigo vixésimo sétimo)</p>	<p>Para períodos non superiores a tres días, a dirección do centro poderá aceptar as xustificacións non documentais ata un máximo de 24 períodos lectivos durante o curso escolar. (Concede a dirección)</p>
<p>Permiso para as revisións médicas O persoal docente terá dereito a ausentarse para realizar revisións médicas, para acompañar ás revisións médicas ou tratamentos os fillos, o seu cónxuxe e as persoas maiores ao seu cargo. No caso de solicitar permiso para acompañar os fillos maiores de idade, cónxuxe ou persoas maiores deberase acreditar que están ao seu cargo e as limitacións físicas ou psíquicas que lles impidan asistir sós, agás casos excepcionais. (Artigo décimo segundo)</p>	<p>Polo tempo necesario, con aviso previo e xustificación da necesidade de realización dentro da xornada de traballo. Quedarán xustificadas as ausencias por indisposicións ou enfermidades leves non superiores a tres días cando se achegue a pertinente xustificación documental. (Concede a dirección e só a Delegación cando o permiso teña unha certa periodicidade)</p>
<p>Permiso para asuntos persoais Sen xustificación, atendendo sempre ás necesidades do servizo. (Artigo décimo cuarto)</p>	<p>Ata 4 días ao ano, dos cales dous poderán ser en días lectivos. (Concede a dirección)</p>
<p>Permiso por deber inescusable Para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal e por deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral. (Artigo décimo terceiro)</p>	<p>Tempo indispensable. (Concede a dirección)</p>
<p>Traslado de domicilio Un día na mesma localidade e dous días se hai cambio de localidade. Se a unidade familiar está composta por dous ou máis membros, o permiso será de dous días sen cambio de localidade e de catro días se existe cambio. (Artigo cuarto)</p>	<p>Un, dous ou catro días, segundo corresponda. Cando teña duración superior a un día, o permiso gozase con carácter ininterrompido. Os días de permiso son naturais. (Concede a dirección)</p>
<p>Permiso para realizar funcións sindicais Tamén de formación sindical, ou de representación do persoal. (Artigo quinto)</p>	<p>Nos termos legalmente establecidos. (Concede a Delegación)</p>
<p>Permiso para concorrer a exames finais Tamén ás demais probas definitivas de aptitude e exames parciais sempre que estean convocados por centros oficiais. (Artigo sexto)</p>	<p>Os días da súa realización. O permiso ampliarase, se hai desprazamento e fose preciso, no tempo mínimo necesario para as viaxes de ida e volta. (Concede a dirección)</p>
<p>Permiso por asistencia a actividades de formación a) Organizadas polos servizos centrais da Consellería. b) Organizadas polos centros de formación e recursos. c) Organizadas polas universidades, sindicatos e asociacións profesionais ou similares. (Artigo décimo noveno)</p>	<p>a) A admisión implica o permiso para asistir a elas. b) Só se poderá asistir fóra do horario lectivo. c) Mediante a solicitude do permiso correspondente. (Concede a dirección/Delegación)</p>

2. Permisos por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar

Identificación, motivo e referente legal	Duración e órgano de concesión
a) Polo falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade. (<i>Artigo terceiro</i>)	Tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade. (<i>Concede a dirección</i>)
b) Polo falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade. (<i>Artigo terceiro</i>)	Dous días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade e de catro días hábiles cando sexa en distinta localidade. (<i>Concede a dirección</i>)

3. Permisos por accidentes ou enfermidades moi graves

Identificación, motivo e referente legal	Duración e órgano de concesión
Permiso retribuído para coidar o cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, acollidos/acollidas ou familiares conviventes. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de 30 días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada. Se houbese máis dun titular deste dereito, o tempo de gozo deste permiso poderase ratear entre eles. (<i>Artigo décimo primeiro</i>)	Trinta días naturais. A duración do permiso non poderá ser inferior a sete días, podendo prorrogarse sen que a súa duración acumulada exceda os trinta días naturais. (<i>Concede a Delegación</i>)

4. Permisos por preparación ao parto

Identificación, motivo e referente legal	Duración e órgano de concesión
Tratamentos de fecundación asistida Permiso retribuído, sempre que se faga nos centros do ámbito do Sistema Nacional de Saúde ou con concerto no réxime especial de S.S. dos funcionarios públicos. O persoal funcionario docente terá o mesmo dereito e nas mesmas condicións para acompañar o seu cónxuxe ou parella en análoga relación de afectividade. (<i>Artigo décimo</i>)	Polo tempo necesario para a súa práctica, con aviso previo e xustificación da necesidade de realización dentro da xornada de traballo. Se fose necesario o desprazamento fóra da provincia, o permiso será de dous días. (<i>Concede a dirección</i>)
Exames prenatais e técnicas de preparación ao parto Ademais das funcionarias docentes, terán o mesmo dereito os funcionarios docentes para acompañar o seu cónxuxe ou parella en análoga relación de afectividade. (<i>Artigo noveno</i>)	Polo tempo necesario para a súa práctica e logo da xustificación da necesidade de realización dentro da xornada de traballo. (<i>Concede a dirección</i>)

5. Permisos por parto

Identificación, motivo e referente legal	Duración e órgano de concesión
Caso xeral (1) (<i>Artigo décimo quinto</i>)	Dezaseis semanas ininterrompidas. O permiso distribuirase segundo opción da funcionaria, sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto. (<i>Concede a Delegación</i>)
No suposto de discapacidade do fillo ou filla (<i>Artigo décimo quinto</i>)	Este permiso ampliarase en dúas semanas máis. (<i>Concede a Delegación</i>)
No suposto de parto múltiple (<i>Artigo décimo quinto</i>)	Este permiso ampliarase en dúas semanas máis por cada fillo a partir do segundo. (<i>Concede a Delegación</i>)

(1) Sen prexuízo das seis semanas inmediatas posteriores ao parto de descanso obrigatorio para a nai, no caso de que ambos os proxenitores traballen, a nai, ao iniciarse o período de descanso por maternidade, poderá optar por que o outro proxenitor goce dunha parte determinada e ininterrompida do período de descanso posterior ao parto, ben de forma simultánea ou sucesiva coa nai.



No caso de falecemento da nai (*Artigo décimo quinto*)

O outro proxenitor poderá facer uso da totalidade ou de ser o caso, da parte que reste do permiso. (*Concede a Delegación*)

Nos casos de parto prematuro e/ou que o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto (*Artigo décimo quinto*)

Ampliarase en tantos días como o neonato se encontre hospitalizado, cun máximo de 13 semanas. (*Concede a Delegación*)

6. Permisos por nacemento de fillos

Identificación, motivo e referente legal

Duración e órgano de concesión

Permiso por paternidade

Polo nacemento, acollemento ou adopción dun fillo/a. (*Artigo décimo sétimo*)

Vinte e nove días naturais. No caso de parto, acollemento ou adopción múltiple, trinta e cinco días naturais. (*Concede a dirección*)

Por nacemento de fillos que deban permanecer hospitalizados

Por nacemento de fillos prematuros ou que, por calquera outra causa, deban permanecer hospitalizados a continuación do parto. A duración diaria da ausencia será fixada pola dirección do centro en función das circunstancias que concorran na persoa solicitante. (*Artigo oitavo*)

O funcionario/a terá dereito a ausentarse do traballo durante un máximo de dúas horas diarias percibindo as retribucións íntegras. No caso de conflito entre os dereitos do alumnado e do profesorado, a hora diaria de ausencia ao traballo terase que gozar no horario complementario fixo ou de cómputo mensual. (*Concede a dirección*)

Permiso dunha hora de ausencia ao traballo por ter un fillo/a menor de doce meses

Este dereito poderá ser exercido indistintamente por un ou outro dos proxenitores, no caso de que ambos traballen. O permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de parto múltiple.

O pai, funcionario docente, poderá gozar do permiso retribuído de catro semanas por acumulación da hora de ausencia ao traballo, por opción da nai, cando esta sexa funcionaria, traballadora por conta allea ou traballadora autónoma. (*Artigo sétimo e disposición adicional da Orde do 7 de abril do 2008*). Véxase tamén a Orde do 29 de marzo do 2006 (*DOG do 7 de abril*)

Unha hora de ausencia do traballo, que se poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderase substituír por unha redución da xornada normal en media hora ao inicio e ao final da xornada ou ben nunha hora ao inicio ou ao final da xornada. A nai, durante a licenza por embarazo, poderá decidir a acumulación do permiso dunha hora diaria de ausencia ao traballo nun permiso retribuído de catro semanas. Estas catro semanas gozaranse de forma ininterrompida inmediatamente despois de rematada a licenza por parto ou nun momento posterior e sempre con anterioridade a que o fillo/a cumpra os doce meses. (*Concede a Delegación*)

7. Permiso por adopción ou acollemento

Identificación, motivo e referente legal

Duración e órgano de concesión

Caso xeral

Permiso por adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple. (*Artigo décimo sexto*)

Dezaseis semanas ininterrompidas. (*Concede a Delegación*)

Por discapacidade do menor adoptado

Permiso por adopción ou acollemento no suposto de discapacidade do menor adoptado ou acollido. (*Artigo décimo sexto*)

Este permiso ampliarase en dúas semanas máis. (*Concede a Delegación*)

Por adopción ou acollemento múltiple

Permiso por adopción ou acollemento no suposto de adopción ou acollemento múltiple. (*Artigo décimo sexto*)

Este permiso ampliarase en dúas semanas máis por cada fillo, a partir do segundo. (*Concede a Delegación*)

Por adopción ou acollemento internacional

(*Artigo décimo sexto*)

Se fose necesario desprazamento terase dereito, ademais, a un permiso de ata tres meses de duración, e durante este período percibiranse exclusivamente as retribucións básicas.

8. Permisos por tazón de violencia de xénero

Identificación, motivo e referente legal

Duración e órgano de concesión

As faltas de asistencia do persoal funcionario vítima da violencia de xénero, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas. (*Artigo décimo oitavo*)

Polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde, segundo proceda. (*Concede a dirección*)

9. Redución de xornada

Identificación, motivo e referente legal	Duración e órgano de concesión
<p>Por garda legal Polo coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación ou dunha persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída. Terase o mesmo dereito por coidado directo dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non se poida valer por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída. <i>(Artigo vixésimo cuarto)</i></p>	<p>Redución de 1/3 ou 1/2 da xornada, coa diminución proporcional das súas retribucións. <i>(Concede a Delegación)</i></p>
<p>Por coidado dun familiar por razóns de enfermidade moi grave Por precisar atender ao coidado dun familiar de primeiro grao e, excepcionalmente, de segundo grao cando non existan superviventes de primeiro grao ou estean incapacitados para atender ao seu coidado. Se houbese máis dun titular deste dereito polo mesmo feito causante, o tempo de gozo desta redución poderase ratear entre eles, respectando, en todo caso, o prazo máximo dun mes ou, se é o caso, de dous meses. <i>(Artigo vixésimo quinto)</i></p>	<p>Ata o 50% da xornada laboral, con carácter retribuído, polo prazo máximo dun mes, prorrogable en circunstancias excepcionais ata un máximo de 2 meses. A duración da redución non poderá ser inferior a sete días. <i>(Concede a Delegación)</i></p>
<p>Por violencia de xénero Así mesmo, o persoal funcionario docente vítima de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito á redución da xornada coa diminución proporcional da retribución ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo, cando iso sexa posible en función da organización do propio centro e do horario do alumnado. <i>(Artigo décimo oitavo. Concede a Delegación)</i></p>	

10. Licenzas

Identificación, motivo e referente legal	Duración e órgano de concesión
<p>Licenza por matrimonio ou unión de feito Por razón de matrimonio ou nos supostos de inscrición nos rexistros oficiais de unións de feito. <i>(Artigo vixésimo)</i></p>	<p>Quince días naturais ininterrompidos. <i>(Concede a Delegación)</i></p>
<p>Licenza por asuntos propios sen retribución A concesión desta licenza subordinarase, en todo caso, ás necesidades do servizo e, con carácter xeral, non terá unha duración inferior a cinco días. <i>(Artigo vixésimo primeiro)</i></p>	<p>Ata tres meses cada dous anos. <i>(Concede a Delegación)</i></p>
<p>Licenzas por enfermidade <i>(Artigo vixésimo segundo)</i></p>	<p>De acordo co réxime da Seguridade Social ao que pertenza o funcionario. <i>(Concede a Delegación)</i></p>
<p>Licenza por estudos Dereito a gozar de licenzas por estudos de acordo coa normativa vixente e as convocatorias que para o efecto realice a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. <i>(Artigo vixésimo terceiro)</i> ao traballo, por opción da nai, cando esta sexa funcionaria, traballadora por conta allea ou traballadora autónoma. <i>(Artigo sétimo e disposición adicional da Orde do 7 de abril do 2008)</i>. Véxase tamén a Orde do 29 de marzo do 2006 (DOG do 7 de abril)</p>	<p>Duración segundo a convocatoria e o tipo de licenza <i>(Concede a Delegación)</i></p>

11. Prazo para resolver

- Os prazos para resolver os permisos e licenzas regulados nesta orde son os seguintes:
 - Para as direccións dos centros educativos: tres días hábiles.
 - Para os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: dez días hábiles.
- O silencio administrativo terá efectos positivos. Naqueles supostos recollidos no punto terceiro desta orde, nos cales por razón de urxencia o persoal funcionario docente necesite gozar do permiso de forma inmediata, en función da propia natureza do permiso, poderá iniciar o gozo deste, logo de comunicación verbal ou por outro medio ao órgano competente para concedelo. A concesión do permiso deberase confirmar ou denegar mediante a pertinente resolución. *(Artigo trixésimo)*